

## BANDO

# AXUDAS DESTINADAS AO APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2017

**José M. Miñones Conde, alcalde-presidente do Concello de Ames (A Coruña),**

**INFORMA:**

O Concello de Ames convoca a *Prestación Económica de Pagamento Único de Familia Numerosa 2017* (BOP núm. 204, do 26 de outubro de 2017).

**FINALIDADE DA AXUDA:**

É proporcionar apoio económico a aquelas familias cualificadas como numerosas pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou organismos análogos doutras Comunidades Autónomas.

**IMPORTE:**

A axuda consistirá no pagamento único de 1200€ por familia numerosa por unidade de convivencia.

**DESTINATARIOS:**

Poderán optar a estas subvencións as unidades de convivencia que teñan fixada a súa residencia habitual no Concello de Ames, cun mínimo de un ano antigüidade ininterrompido á data de formulación da solicitude, sempre que acrediten o cumprimento dos requisitos indicados nas bases.

**REQUISITOS:**

- Estar en posesión do título de familia numerosa en vigor no momento da solicitude. Os fillos/as que dean lugar a expedición do título de familia numerosa deberán ter nacido con anterioridade ou dentro do ano natural ó que se refire a convocatoria (2016).
- Todos os fillos/fillas incluídos no título de familia numerosa deberán formar parte da unidade de convivencia salvo que por razóns de estudo deban residir noutro domicilio.
- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será o pai/nai que teña a custodia dos fillos/as, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación, divorcio ou modificación de medidas. Os fillos/as deben de formar parte da mesma unidade de convivencia que o proxenitor que teña a custodia, xustificándoo mediante o certificado de convivencia.
- No caso de que un dos proxenitores se atope traballando fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e non figure empadroado neste municipio, deberá acreditarlo con copia do correspondente contrato de traballo e certificado de empadramento do lugar de residencia.
- No caso de que un mesmo menor dea lugar á expedición de dous títulos de familia numerosa, só se concederá esta axuda ao proxenitor que ostente a custodia deste menor ou menores.
- No caso de familias monoparentais só se requirirá que figure empadroado cun ano de antigüidade o pai ou a nai que teña a custodia dos fillos/as. Entenderase a estes efectos familia monoparental aquela na que un dos proxenitores convive cos seus fillos/as menores ou dependentes sendo ademais é responsable único dos mesmos.
- No caso dos menores que teñan titor, requirirase que figure empadroado no padrón municipal o titor/-es do menor.
- En ningún caso poderán ser beneficiarios/as os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela fora asumida por unha institución pública.

**LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

As bases desta convocatoria así como os modelos de solicitude poden atoparse na páxina web do Concello ([www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)) e nas **oficinas de Servizos Sociais do Concello**, sitas no centro sociocultural de Bertamiráns e nas oficinas do Milladoiro, Rúa de Abaixo, 10, lembrando que o horario de atención ao público é de 9:30 – 14:00h.

As solicitudes **DEBERÁN PRESENTARSE** no Rexistro Xeral do Concello, Praza do Concello, núm. 2 ou ben no Rexistro da Oficina Municipal do Milladoiro, Rúa de Abaixo, 10.

**O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES COMENZA O 26/10/2017 E REMATA O 27/11/2017.**

Ames, 27 de outubro de 2017

O alcalde,

José M. Miñones Conde



**Concello  
de AMES**  
Pz. do Concello, nº 2. Bertamiráns  
15220 Ames (A Coruña)  
Telf. 981 893 002 Fax 981 883 925

Pz. do Concello, nº 2. Bertamiráns  
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.gal  
www.concellodeames.gal

Telf. 981 883 002  
Fax 981 883 925